



CONCELLO  
DE  
**GONDOMAR**  
(Pontevedra)

## ANUNCIO

Faise público para coñecemento xeral dos interesados que o Alcalde do Concello de Gondomar por Resolución de data 12 de marzo de 2014, dispón o seguinte:

“ASUNTO: *Contatación con carácter interino dun/dunha director/a do Conservatorio Municipal de Gondomar.*”

Vista a Providencia do Alcalde de data 20/11/2013 pola que se da inicio o expediente do procedemento selectivo e a proposta da Concelleira de Educación e Conservatorio xustificando a necesidade da contratación.

Vista a Resolución de Alcaldía pola que se aproban as bases que rexerán o procedemento selectivo para a contratación, con carácter interino, dun/dunha Director/a do Conservatorio Municipal de data 05/12/2013

Téndose realizado o proceso selectivo para cubrir como persoal laboral interino a praza de Director/a do Conservatorio vacante por xubilación e, vista a proposta do tribunal constituído ó efecto,

RESOLVO:

1.-Contratar con carácter interino como Directora do Conservatorio Municipal e con efectos dende o 17 de marzo de 2014, a D<sup>a</sup>. DÉBORA GONZÁLEZ ALBORÉS.

2.- Formalizar coa mesma, un contrato laboral temporal baixo a modalidade de interinidade por vacante e a xornada completa, percibindo as retribucións que lle corresponda dacordo co orzamento en vigor e a relación de postos de traballo”

### **RECURSOS**

*O acordo transcrito é definitivo en vía administrativa e contra o mesmo pode interpoñer, potestativamente, RECURSO DE REPOSICIÓN ante o órgano que o dictou no prazo de UN MES ou ben RECURSO CONTENCIOSO ADMINISTRATIVO perante a Sala do Contencioso-Administrativo de Vigo no prazo de DOUS MESES, contados desde o día seguinte hábil ao desta notificación. Todo isto sen perxuízo de que poida exercitar, se é o caso calquera outro recurso que estime procedente.--*

Gondomar, 14 de marzo de 2014.

El alcalde,

Fernando Guitián Guitián

